

bb boletín de bienestar

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- A Xunta dá un paso máis no reto demográfico coa constitución do Observatorio Galego
- O orzamento da Xunta para Política Social crece un 9% ata os 700 millóns de euros para que a recuperación económica chegue a todos os fogares
- A Xunta salienta a importancia que teñen as familias numerosas na recuperación demográfica de Galicia
- A Xunta de Galicia anticipará o 35% da prima pola prestación do servizo que concede ás casas niño
- A Xunta de Galicia inicia un novo curso nas súas escolas infantís de 0 a 3 anos con máis de 8.000 nenos e nenas admitidos
- A Xunta destaca a importancia dos centros abertos para a reinserción de menores que teñen impostas medidas xudiciais
- A Xunta reforza os puntos de encontro familiar como espazos para garantir os dereitos e benestar dos menores
- A Xunta e La Caixa intensifican a colaboración entre ambas institucións en materia social, educativa e cultural
- A Xunta informa na páxina web de Política Social sobre a convocatoria de subvencións con cargo ao 0,7% do IRPF
- A Xunta reforza o seu compromiso coas persoas en risco de desafiuzamento coa ampliación do programa Reconduce
- A Xunta de Galicia celebra o Día do Maior lembrando a importancia da inclusión do colectivo na sociedade
- A Xunta prepara unha nova edición do programa 'Xuntos polo Nadal' para as persoas maiores que se atopan soas nestas datas
- A Xunta de Galicia destaca o amplo consenso alcanzado polo grupo de seguimento e análise do sistema de dependencia
- A Xunta abre novas posibilidades para o desenvolvemento internacional da cooperación xuvenil entre Galicia e Rusia
- A Xunta apoia a formación da mocidade en proxectos que poñan en valor o monte galego
- A Xunta impulsa o primeiro contacto da mocidade co mundo laboral a través do programa 'Deseñando o teu futuro'
- Días internacionais.

ESTADÍSTICAS

- Indicadores de calidade de vida
- Enquisa conxuntural a fogares
- O salario das persoas con discapacidade

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Blog de publicacións.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.



NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2016

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2017. BdB. Boletín de
Bienestar, 2017

Edita:

Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://biblioteca.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-10-setembro-outubro-2017>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirla igual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Neste número do boletín queremos poñer o acento no desenvolvemento das políticas sociais levadas a cabo por esta consellería dirixidas especificamente ás familias.

A familia, como grupo social que asume o peso dos cambios sociais, atópase a medio camiño entre os individuos e a sociedade. Desde este punto de vista, a Consellería de Política Social, consciente de que debe atender os requirimentos dos suxeitos que a integran, desenvolve un conxunto de programas económicos e sociais que intentan favorecer a equidade e responder ás demandas que este grupo social lle require.

Estas medidas varían e abarcan aspectos tan diversos como a dinamización demográfica, a formación e axudas concretas de carácter económico e social e materialízanse na creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, o apoio ás casas niño para zonas rurais, o desenvolvemento do programa Reconduce para as familias máis desfavorecidas, etc.

Co desenvolvemento destas e doutras medidas, a Consellería pretende contribuír, cun enfoque integrador, a levar a cabo políticas sociais baseadas na equidade como principio reitor.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presidiu a sesión fundacional na sede do Consello Económico e Social de Galicia

A Xunta dá un paso máis no reto demográfico coa constitución do Observatorio Galego

- ▶ Adscrito á Consellería de Política Social, ten previsto reunirse de novo no prazo dun mes para a constitución de grupos de traballo que axuden a crear sinerxías e articular políticas coordinadas e idóneas para reverter a situación actual
- ▶ O titular autonómico agradeceu a participación dos diferentes axentes sociais, culturais e políticos "nun órgano plural e participativo que entende a cuestión demográfica como un gran Pacto de Estado, afastada de posicións ideolóxicas e cun alcance temporal ilimitado".

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presidiu na sede do Consello Económico e Social de Galicia (CES) a sesión constitutiva do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e

participación social en materia de demografía no ámbito da nosa comunidade. No transcurso do acto, o titular das políticas sociais, quixo agradecer aos integrantes deste novo foro a súa contribución "a este foro plural e participativo que entende, como entende o Goberno galego, que a cuestión demográfica debe formularse como

un "Pacto de Estado", afastada de posicións ideolóxicas e cun alcance temporal ilimitado.

Rey Varela asegurou durante a súa intervención que "Galicia ten marcada a súa liña de traballo a nivel autonómico, nacional e internacional" ao tempo que lembraba a aprobación nos últimos anos do Plan de dinamización demográfica

de Galicia 2013-2016, horizonte 2020; a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, horizonte 2020; a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, ou máis recentemente o Plan estratéxico rexional Galicia 2015-2020, que recolle a recuperación demográfica como un principio transversal a todos os eixes de actuación do goberno autonómico. Así mesmo, o conselleiro fixo mención á presenza da Comunidade galega en diferentes foros tanto a nivel estatal como europeo. Nomeadamente, o Foro de Rexións con Desafíos

Demográficos (FREDD) xunto con Castela A Mancha, Castela León, Extremadura, Asturias e Aragón traballamos para que a demografía conte para Europa; da Rede europea de rexións afectadas polo cambio demográfico (DCRN), ou no Pacto sobre Cambio Demográfico, promovido pola rede temática AFE-INNOVET. Tamén nas reunións do Grupo de Traballo sobre O cambio demográfico e o envellecemento creado no marco da Macrorrexión de Rexións do Sudoeste Europeo, RESOE. Ademais da nosa Comunidade, integran este grupo de traballo, representantes da Rexión Norte e a Rexión Centro de Portugal, así como das comunidades autónomas de Castela e León e do Principado de Asturias.

Noutro momento do seu discurso, o conselleiro de Política Social se referiu ás medidas impulsadas polo Goberno autonómico en materia de dinamización demográfica. Máis polo miúdo, se referiu á posta en marcha do Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia), con tres eixos de actuación: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN Servizos, así como das medidas máis importantes promovidas ao

abeiro deste programa: a Tarxeta Benvinda, o Bono Coidado, a posta en marcha de Casas niño no rural ou a creación de escolas infantís en polígonos industriais. E, nesta liña, Rey Varela se referiu tamén a aquelas áreas de acción nas que xa traballa o Goberno galego co fin de "fomentar o reequilibrio territorial e proporcionar servizos públicos de calidade aos territorios en declive demográfico, garantíndolles un desenvolvemento económico sustentable e integrado". Nomeadamente, se referiu á aprobación dunha Lei de impulso demográfico-Medidas de fomento da natalidade, conciliación e corresponsabilidade, da que dixo "aprobaremos co consenso de todos e todas e que incorporará todos os instrumentos ao noso alcance para reverter a recesión demográfica que esta a padecer a nosa Comunidade". Pero tamén novas políticas de igualdade destinadas a mulleres e a homes que pasen pola corresponsabilidade; políticas de apoio á familia, que recoñezan o papel presente e futuro dos nenos e das nenas na construción da sociedade e políticas efectivas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral que permitan crear contornos favorables

para vivir, formar unha familia e ter os fillos que se desexen. Neste senso, Rey Varela lembrou que a Xunta de Galicia leva traballando nos últimos tempos na ampliación das prazas en escolas infantís entre cero e tres anos, de tal maneira que hoxe, a Comunidade galega presenta una ratio de cobertura do 38%, 5 puntos por riba da media recomendada pola UE.

Novo encontro no prazo dun mes

O conselleiro de Política Social avanzou unha nova reunión do observatorio no prazo dun mes co fin de comezar a articular políticas coordinadas que axuden a solucionar unha cuestión como é a do reto demográfico que é estrutural e non pode vincularse a conxunturas económicas ou políticas. Para iso, Rey Varela suxeriu a creación de 5 grupos de traballo nos mesmos ámbitos de actuación nos que o Goberno galego vén traballando a nivel europeo e nacional. Isto é, en materia de apoio ás familias, xuventude, envellecemento, emigración/inmigración e medio rural.

Cómpre lembrar que o Observatorio conta, entre súas funcións, as de recompilar, analizar e

intercambiar información relevante dende o punto de vista demográfico; definir e aplicar indicadores que permitan medir as variables demográficas, con especial atención ao fenómeno da exclusión territorial ou á singularidade e especificidade dos impactos do cambio demográfico en Galicia; realizar e divulgar os estudos e traballos que resulten de interese dende o punto de vista demográfico; promover a produción de material documental de interese; identificar as iniciativas en materia de dinamización demográfica, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma, como no do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas; e formular propostas e recomendacións para ser consideradas na configuración das liñas estratéxicas da acción pública de Galicia. Tamén as de realizar un seguimento permanente da evolución das dinámicas demográficas, das accións desenvolvidas e dos avances acadados; promoverá foros de discusión e debate; elaborará un informe anual sobre a situación demográfica en Galicia e fomentará calquera outra actuación que se considere necesaria en relación coa dinamización demográfica.

<http://www.planestratexico.gal/es/inicio>



http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/PLAN_DINAMIZACION_DEMOGRAFICA_DE_GALICIA_2013-2016_V2.pdf

**PLAN PARA A DINAMIZACIÓN
DEMOGRÁFICA DE GALICIA
2013-2016, HORIZONTE 2020**

http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/Horizonte2020.pdf

ESTRATEGIA PARA A PREVENCIÓN E DETECCIÓN PRECOZ DA DEPENDENCIA EN GALICIA. HORIZONTE 2020

http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estrategia_inclusion_social_galicia_2014-2020_version_2016_gal.pdf

**ESTRATEGIA DE
INCLUSIÓN SOCIAL
DE GALICIA**

2014-2020

O orzamento da Xunta para Política Social crece un 9% ata os 700 millóns de euros para que a recuperación económica chegue a todos os fogares

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presentou esta tarde no Parlamento de Galicia o orzamento do seu departamento para o vindeiro exercicio que crece nun 9% ata os 700,6 millóns de euros para “dar un forte impulso ás políticas sociais, que de novo volven ser unha prioridade en 2018 co obxectivo de que o crecemento económico chegue a todos os fogares”. A atención á dependencia, o apoio ás familias co reforzo das medidas de conciliación, a integración das persoas en risco de exclusión social, e a formación, así como o fomento da participación e voluntariado entre a xuventude son os piares das novas contas desta área do Goberno autonómico.

Rey Varela sinalou, en primeiro lugar, a forte aposta polo apoio á familia e á infancia que recollen as novas contas, que reservan para esta área da Consellería 133,2 millóns de euros. Así, as liñas básicas deste departamento da Consellería son a apertura de cinco novas escolas infantís da Galiña Azul en Ourense, Santiago, Lugo, Mos e A Estrada; a posta en funcionamento de máis recursos de conciliación para nenos de 0 a 3 anos no rural a través das casas niño, así como en contornas empresariais; e ampliación da Tarxeta Benvida ata os 3 anos para familias con rendas baixas. O conselleiro defendeu que a intención destas medidas “é poñer as condicións para que en Galicia exista o mellor contexto social posible para vivir, formar unha familia e, sobre todo, ser neno ou nena”, contribuíndo deste xeito a facer fronte ao desafío demográfico. E, nesta liña, Rey Varela non se quixo esquecer da outra gran responsabilidade da Administración: a protección da infancia, en especial, daqueles menores que se atopan nunha situación de risco ou desamparo social. Para iso, a Xunta



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presentou no Parlamento de Galicia as contas do seu departamento para 2018

- **Rey Varela fixou os piares do novo orzamento na mellora da atención á dependencia, o apoio integral ás familias desde o primeiro momento para facilitar a conciliación e a crianza dos fillos e fillas; a integración das persoas en risco de exclusión; e a formación, a empregabilidade e o fomento da participación e o voluntariado entre a xuventude**

ten previsto incrementar a partida destinada ao programa de acollemento familiar en 1 millón de euros, chegando aos 3,4 millóns –un 41% máis que no presente exercicio–; aumentar a partida destinada aos centros para a atención dos menores do sistema de protección e de atención á infancia ata os 32,2 millóns de euros (a partida específica para centros de protección de menores incrementábase nun 20%) e consolidar a convocatoria de subvencións para investimentos e equipamento dos centros que desenvolven medidas de protección.

Na súa intervención, o titular de Política Social explicou que unha das actuacións básicas será seguir coa consolidación e mellora do sistema autonómico de atención á dependencia. De feito, a partida económica consignada para a área de Maiores e Persoas con Dependencia ascende a 413 millóns de euros, dos cales a maior parte destínase ao programa de dependencia que crece máis de 30 millóns de

euros en comparación co presente exercicio. Así, a atención a persoas dependentes suma 369 millóns de euros que se destinan, entre outras medidas, a reforzar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), conceder un maior número de libranzas e atender novos servizos de teleasistencia. “O obxectivo é alcanzar en 2018 os 60.000 dependentes atendidos, adiantando así ao segundo ano da lexislatura unha meta que inicialmente se tiña fixada para o seu remate”, apuntou.

En materia de inclusión, cuxo orzamento é de 115 millóns de euros, Rey Varela destacou o novo incremento da partida da renda social (Risga) que alcanza os 62,4 millóns de euros, o que, supón unha suba do 8,7% con respecto a este ano. Desde a creación da Consellería de Política Social en 2015 a partida económica consignada para a Risga aumentou máis dun 30%, o que equivale a preto de 15 millóns de euros máis. O conselleiro tamén subliñou o reforzo do apoio

ás entidades sociais e das medidas recollidas na Axenda social de Galicia para facer fronte á exclusión social e ás desigualdade, entre outras a ampliación do programa Reconduce dirixido a persoas e familias en risco de desafiuzamento.

E, por último, as contas da área de Xuventude suman 16,5 millóns de euros, que permitirán aumentar ata as 10.000 as prazas que se ofertan na Campaña de Verán; consolidar os programas para a mellora da formación e empregabilidade como Galeuropa, Lidera ou Eurocidade, aos que se destinan máis de 5 millóns de euros; ou seguir fomentando o voluntariado, en especial o social e o ambiental.

En definitiva, Rey Varela afirmou que o orzamento de 2018 “responde á idea de conseguir un crecemento integrador, de tal xeito que a mellora da economía galega chegue a todas as persoas e familias e, en especial, a aquelas que máis precisan do noso apoio”.

A Xunta salienta a importancia que teñen as familias numerosas na recuperación demográfica de Galicia



A directora xeral de Familia, Amparo González, participou nunha mesa redonda organizada ao abeiro do IX Congreso Galego de Agafan

- ▶ **A responsable do departamento autonómico de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica destacou a énfase que está a poñer o Goberno galego no impulso das políticas de apoio ás familias, en especial daquelas que teñen especial consideración como é o caso das numerosas**
- ▶ **A Consellería de Política Social elaborará unha segunda estratexia de apoio ás familias numerosas co obxectivo de consolidar e seguir poñendo en valor o papel deste colectivo na sociedade.**

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2017.- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, Amparo González, abordou o desafío de rexeneración de poboación e o impulso das políticas familiares nunha mesa redonda celebrada ao abeiro do IX Congreso Galego de Familias Numerosas que se celebrou nas instalacións de Área Central en Santiago de Compostela. A Asociación Galega de Familias Numerosas organizou este congreso, que serviu tamén de punto de encontro familiar e no que, ademais se abordou a conciliación das familias en xeral e a imaxe do colectivo das familias numerosas nos medios de comunicación, así como a súa presenza nas redes sociais.

Na súa intervención, Amparo González salientou a importancia que teñen as familias numerosas na recuperación demográfica de

Galicia, “xa que contribúen a revitalizar a pirámide de poboación achegando moitos máis fillos e fillas que a media, un mínimo de tres por muller”, e recordou que o índice de fertilidade na comunidade é de 1,1 fillos/as cando o desexado para asegurar a remuda xeracional é de 2,1 fillos por muller. Ante esta situación, esta responsable autonómica defendeu que o Goberno galego “está a poñer a súa énfase no impulso de políticas orientadas a apoiar as familias galegas”.

Neste sentido, a directora xeral de Familia destacou o crecemento continuado do número de familias numerosas en Galicia nos últimos tres anos, onde ahi rexistradas a día de hoxe 23.820, o que supón un incremento de case o 25% con respecto a 2014. Ao respecto, lembrou que as familias numerosas teñen recoñecida a condición de familias de especial consideración por parte da Xunta

de Galicia desde que no ano 2011 se aprobou a Lei de apoio á familia e á convivencia, outorgándolles así unha especial protección nos ámbitos educativo e formativo, da vivenda, do ocio e tempo libre, no acceso ás novas tecnoloxías e no tributario. Tamén apuntou que Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en computar o fillo concibido pero non nado como un membro máis da familia.

Ademais, Amparo González reiterou o compromiso do Executivo autonómico de elaborar unha segunda estratexia de apoio ás familias numerosas que dea continuidade á actual, a cal permitiu o desenvolvemento de medio cento de medidas cun investimento de máis de 36 millóns de euros. E, ao mesmo tempo, fixo fincapé nos resultados do programa ‘Carné Familiar Galego’, que facilita o acceso deste colectivo a bens e servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxes, e que amplía e complementa os beneficios que outorga o título oficial de familia numerosa. Na actualidade, 1160 entidades colaboran con este programa que xestiona Agafan e do que se teñen expedido máis de 70.600 carnés.

Por último, a responsable das políticas de Familia do Goberno galego referiuse a outros programas de apoio á natalidade e ás familias que se están a desenvolver e que se verán mellorados en 2018, como son: estender a Tarxeta Benvida ata os 3 anos para as familias con rendas baixas, máis bonificacións nas taxas das escolas infantís —un 25% para o segundo fillo e do 50% para o terceiro e sucesivos— ou o reforzamento do Bono Coidado para garantir a atención de nenos e nenas ante imprevistos na súa unidade familiar.

<http://www.agafan.net/>

A Xunta de Galicia anticipará o 35% da prima pola prestación do servizo que concede ás casas niño



A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, visitou o recurso de conciliación do concello de Portomarín, en Lugo

Portomarín (Lugo), 10 de outubro de 2017.-

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia, Amparo González, visitou a casa niño do municipio lucense de Portomarín, recurso de conciliación gratuito para as familias que residen neste concello onde se ocupan da atención de nenos e nenas de entre 3 meses e 3 anos de idade. Na actualidade están en servizo 30 equipamentos destas características distribuídos por toda a xeografía galega e está en proceso de resolución unha nova convocatoria de axudas que permitirá a apertura de novas casas niño en concellos de menos de 5.000 habitantes.

Durante a súa visita, Amparo González informou de que saíu publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) unha modificación da orde de subvencións que amparou a posta en marcha das casas o ano pasado. Ao respecto, explicou que esta variación supón unha mellora xa que fai posible, unha vez que se abra o exercicio orzamentario de 2018, anticipar o 35% da prima que as persoas titulares destes equipamentos reciben ao ano pola prestación da atención. Unha mellora que xa está incorporada na segunda convocatoria de axudas que nestes momentos está en marcha.

A directora xeral sinalou que o obxectivo de lexislatura é que todos os concellos rurais de Galicia de menos de 5000 habitantes dispoñan dalgún recurso de conciliación. Neste sentido, apuntou que a Administración autonómica está en proceso de resolución das solicitudes presentadas á nova orde de axudas para a apertura de máis casas niño. A estas achegas destínase un orzamento de 2,4 millóns de euros, distribuído en catro anualidades e financiado en parte polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

- ▶ Esta media permitirá afrontar de maneira máis cómoda os gastos de funcionamento destes servizos dirixidos a facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal nos concellos rurais
- ▶ Nestes momentos está en proceso de resolución unha nova convocatoria de axudas por un valor global de 2,4 millóns de euros que permitirá a apertura de novas casas niño en municipios de menos de 5000 habitantes.

Estas axudas permitirán subvencionar a reforma e adaptación do inmovible, así como o seu equipamento e dotación material, e a prestación da atención personalizada aos menores. As achegas para os gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100% tendo un límite de 15.000 euros concedidos por cada casa niño. A axuda polo desenvolvemento do proxecto piloto consistirá nunha achega económica de 19.600 euros por cada ano en forma de prima destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andadura.

A responsable do departamento autonómico de Familia destacou a importancia de dar continuidade a este iniciativa coa que se pretende crear recursos de conciliación para as familias, oportunidades para atraer

poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial. Así mesmo, indicou que coas casas niño apóianse as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización da economía local e, consecuentemente, para a fixación da poboación ao territorio.

As casas niño constitúen un recurso específico para os concellos de menos de 5000 habitantes complementario a outras existentes en Galicia, como a rede de escolas infantís da Galiña Azul, as prazas en escolas infantís de iniciativa social e as concertadas, ou os programas Bono Concilia e Bono Coidado.

Na provincia de Lugo hai na actualidade 8 casas niño, situadas nos seguintes concellos: Portomarín, Láncara, O Corgo, Xermade, Castroverde, As Nogais, Folgoso e Begonte.

<http://www.pan.gal/>




A vida nunca foi tan grande



A vida nunca foi tan grande





▶ **QUÉ É A TARXETA BENVIDA?**

TARXETA BENVIDA
10€ AO MES PARA OS GASTOS FUNDAMENTAIS DO 1º ANO

PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE
 En Galicia a vida nunca foi tan grande

Neste intre o mundo cambia as súas regras. As noites pasan a ter tres horas, o mundo dúas rúas, o pouquiño é a nova medida... Todo se mide en dedeiros, gotiñas, culleradiñas. Neste momento o mundo faise máis pequeno, pero a axuda nunca foi tan grande.

A Tarxeta Benvida da Xunta cobre os gastos fundamentais durante o primeiro ano de vida do teu fillo ou filla.

Unha pequena gran axuda para comezar... un gran apoio para

A Xunta de Galicia inicia un novo curso nas súas escolas infantís de 0 a 3 anos con máis de 8.000 nenos e nenas admitidos

► **A Consellería de Política Social pon á disposición das familias un total de 22.439 prazas sostidas con fondos públicos, o que supón unha ratio de cobertura do 38% e sitúa a Galicia cinco puntos por riba da taxa recomendada pola Unión Europea.**

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017.- As escolas infantís de 0 a 3 anos da Galiña Azul da Consellería de Política Social inician un novo curso escolar cun total de 8.023 nenos e nenas admitidos. No seu conxunto, Galicia pon á disposición das familias 22.439 prazas sostidas con fondos públicos entre as que pertencen a centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Axencia Galega de Servizos Sociais, as que dependen de centros de iniciativa social, as incluídas na rede de escolas municipais, as concertadas, as que se ofertan a través do Bono Concilia, as das casas niño e as que xestionan entidades como o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e as universidades.

A distribución por provincias dos admitidos é a seguinte: 3.393 menores na da Coruña, 2.889 na de Pontevedra, 885 na de Lugo e 855 na de Ourense. No que atinxe á lista de agarda, o inicio do curso rexistra 1.178 solicitudes

que se poden acoller ao programa do Bono Concilia e recibir unha axuda, que oscila entre os 45 e os 250 euros mensuais en función da renda da unidade familiar, para contribuír ao pagamento da praza na escola infantil que elixan e que non conte con financiamento por parte da Administración.

Así mesmo, cómpre salientar que na Comunidade se reservan 482 prazas para emerxencias e que o número de vacantes ascende a 1.044, a maioría das cales se corresponden con prazas non cubertas do grupo de idade de 0 a 1.

As 22.439 prazas que conforman a rede de escolas infantís en Galicia con investimento público supoñen unha taxa de cobertura do 38%, catro puntos por riba da media aconsellada pola Unión Europea. Ao respecto das novidades deste novo curso escolar, merece salientar a apertura dos centros da Galiña Azul en Arteixo-Río Tambre e a de Burela-Os Castros.

Outras melloras son que nos



períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa está contemplada a apertura dunha escola infantil por localidade independentemente da demanda que exista. Ademais desta medida, que afecta os equipamentos que xestiona a Axencia Galega de Servizos Sociais, por primeira vez e neste caso, tanto nas escolas xestionadas pola Axencia como nas dependentes do Consorcio, ábrese a posibilidade de solicitar un traslado de centro dentro dun mesmo concello por motivos de cambio de domicilio ou lugar de traballo e fóra dos prazos ordinarios.

Precisamente, e coincidindo coa apertura do curso escolar, a

directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González Méndez, visitou en Ourense a escola infantil Antela. Na visita a este centro, pertencente á Consellería de Política Social non están matriculados máis dun centenar de nenos e nenas de entre 0 e 3 anos, tamén participou a delegada territorial da Xunta Marisol Díaz Moureira. Pola súa banda, o xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, acompañado do delegado da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, saudaba os nenos e nenas da Escola Infantil Monteporreiro.

<http://www.escolasinfantisdegalicia.es/>



a galiña azul
rede de escolas infantís de Galicia

INICIO
INFORMACIÓN
ACTUALIDADE
SERVIZOS
BLOGS
CONTACTO

Últimas novas
• Listas definitivas de admitidos e de agarda nas escolas
• Listas provisionais de admitidos e de agarda nas escolas

ANUNCIOS

LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS, DE AGARDA E EXCLUÍDAS NAS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS POLO CONSORCIO RESULTANTES DO BAREMO EXTRAORDINARIO DE DECEMBRO PARA O CURSO 2016-2017

LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS XESTIONADAS POLO CONSORCIO RESULTANTES DO BAREMO EXTRAORDINARIO DE DECEMBRO PARA O CURSO 2016-2017

LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS, DE AGARDA E



REDE DE ESCOLAS INFANTÍS DE GALICIA

As escolas infantís da Rede A Galiña Azul están dirixidas a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos. Trátase dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que busca adaptarse ao concepto de familia do século XXI e permitir a conciliación da vida laboral e persoal da...

PLAN DE FORMACIÓN

Un dos piares básicos do bo funcionamento dos centros que integran a Rede de Escolas Infantís de Galicia é contar con profesionais debidamente capacitados e formados para desenvolver o seu labor profesional. Por este motivo, na rede é clara a aposta pola formación continua dos equipos de traballo. Accede ao Plan De Formación.

RECURSOS EDUCATIVOS

Materiais, ferramentas e referencias de utilidade para o traballo nas escolas infantís: propostas didácticas e experiencias, artigos, ferramentas para a creación de recursos, ligazóns de Interese, referencias bibliográficas e electrónicas e material didáctico multimedia. Recursos educativos Propostas Didácticas e Experiencias Recursos educativos multimedia destinados a enriquecer o labor da aula Artigos Temáticos Recursos educativos compostos...

Páxina 7

Actualidade

A Xunta destaca a importancia dos centros abertos para a reinserción de menores que teñen impostas medidas xudiciais

- ▶ O responsable da área social do Goberno galego subliñou que estes centros “en cumprimento das medidas impostas polos xulgados realizan unha intervención fundamentalmente educativa e promoven como primeiro obxectivo a reinserción social”
- ▶ A Administración autonómica destina en 2017 preto de 264.000 euros ao Ciema de Lugo, que en cada un dos últimos exercicios atendeu a un centenar de menores.

Lugo, 13 de outubro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado da directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González Méndez, visitou en Lugo o Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (Ciema). A Administración autonómica ten asinado desde 2015 un convenio de colaboración coa Asociación Dignidade para a execución das medidas de medio aberto da provincia de Lugo, que conta para o desenvolvemento da súa actividade cun equipo multidisciplinar con formación en psicoloxía, traballo social, educadores e técnicos en inserción laboral.

Rey Varela destacou a importante tarefa que realizan estes centros, que responden ao fin de facer posible a integración

social dos menores que cumpren medidas xudiciais. “Estes centros, en cumprimento das medidas impostas polos xulgados, realizan unha intervención fundamentalmente educativa e promoven como primeiro obxectivo a reinserción social”, apuntou.

A Consellería de Política Social destina en 2017 preto de 264.000 euros a este Ciema da provincia de Lugo que nos exercicios 2015 e 2016 atendeu un centenar de menores con medidas xudiciais de asistencia a centro de día e de realización de actividades de carácter educativo formativas e laborais, así como prestacións en beneficio da comunidade.

A Xunta ten en cada unha das catro provincias un Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto. Así mesmo, e para



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou o PEF de Lugo

o cumprimento de medidas xudiciais de privación de liberdade hai outros catro centros de internamento: o Concepción Arenal, na Coruña; Monteledo e o centro de atención específica en Montefiz, en Ourense; e o Avelino Montero en Pontevedra.

Ademais destes equipamentos, o Goberno galego ten en

marcha programas específicos de axuda a menores en situacións de conflito como o Mentor, destinado a capacitación dos menores para a vida independente, ou o programa de avaliación e tratamento terapéutico, dirixido a menores que amosan desaxustes emocionais severos que requiren un tratamento psicolóxico.

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/execucion-de-medidas-xudiciais-previstas-na-lei-organica-52000-do-12-de-xaneiro-reguladora-da-responsabilidade-penal-dos-menores-memoria-2016/>

<http://www.programamentor.org/>

Accesibilidad Política de Privacidad

A Xunta reforza os puntos de encontro familiar como espazos para garantir os dereitos e benestar dos menores



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou o PEF de Lugo

- ▶ O responsable da área social do Goberno galego destacou a importancia destes recursos que “fan posible que os nenos sigan relacionándose cos seus pais cando estes atravesan unha situación conflictiva ou de interrupción da convivencia familiar”
- ▶ O PEF de Lugo atendeu o ano pasado a 184 persoas, das cales 58 foron menores; e ademais rexistrou máis de 3.100 intervencións
- ▶ A Administración autonómica desenvolveu un plan de mellora da rede galega de PEF, que supuxo para o centro de Lugo un investimento de case 105.000 euros entre este ano e o anterior.

Lugo, 13 de outubro de 2017.-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou o Punto de Encontro

Familiar (PEF) de Lugo, onde salientou que “a atención e o coidado do menor, preservar a súa seguridade e promover o

seu benestar é un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego”. A visita, na que tamén participou a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Amparo González, serviu para coñecer sobre o terreo o funcionamento deste recurso, así como para facer un balance da súa actividade.

En declaracións aos medios de comunicación, Rey Varela puxo en valor a importancia da rede de puntos de encontro que a Xunta ten en servizo nas principais cidades de Galicia –tres na Coruña, dous en Pontevedra e un en Ourense, Ferrol e Lugo-. Ao respecto, o conselleiro fixo fincapé en que esta rede “permite garantir o dereito dos menores a seguir relacionándose cos seus pais e nais cando estes atravesan unha situación de crise ou conflictiva, como pode ser un proceso de separación, divorcio ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar”.

Así mesmo, o conselleiro repasou a memoria da actividade

do PEF de Lugo, na que se recolle que o ano pasado este centro atendeu 184 persoas, das cales 58 foron menores. Asemade, rexistrou 3.146 intervencións, sendo a maioría delas entregas e recollidas de menores (1956), mentres que o resto das accións foron visitas tuteladas (711) e supervisión de encontros (479). Deste xeito, Rey Varela destacou o traballo do equipo multidisciplinar que xestiona este servizo, dos que subliñou “a profesionalidade e sensibilidade coa que desenvolven o seu labor, moi necesaria cando estamos a falar de menores e familias”.

Os PEF teñen entre as súas funcións principais favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores a manter a relación con ambos proxenitores, facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e coa súa familia extensa e garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas, así como previr situacións de violencia.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/mediacion-familiar>

<http://www.familiasgalegas.org/familias/Controlador/Guia/guiaComunicacionAction.php?idG=6>

The screenshot shows the 'Política Social' portal. It features a navigation menu with 'Consejería', 'Sala de comunicación', 'Recursos', and 'Temas'. A search bar is present. The main content area includes sections for 'Campamentos de verano específicos para personas con discapacidad 2017', 'Unión Europea' (with a European Union flag), and 'ESCOLAS INFANTÍS' (with a colorful graphic). There are also links to 'Así, Así?' and 'Programa "Benestar en balnearios - 2017"'. A 'FORMATADO DE ALTO CONTRASTE' button is visible.

The screenshot shows the 'FAMILIAS hoxe' website. It has a navigation menu with 'INICIO', 'PREGUNTAS FRECUENTES', 'AXUDAS E SUBVENCIÓNS', 'DOCUMENTACIÓN', 'NOVAS / AVISOS', and 'GUÍA DE COMUNICACIÓN'. The main content area features a search bar and the text 'Descubride connosco todas as vantaxes e innovacións que poñemos ao voso alcance.' Below this, there is a section titled 'As vosas familias, as familias de hoxe!' with a list of services: 'GUÍA DE RECURSOS PARA AS FAMILIAS', 'MEDIACIÓN FAMILIAR', 'MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL', 'PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR', 'GABINETES DE ORIENTACIÓN FAMILIAR', 'AXUDAS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS', 'PRESTACIÓN ECONÓMICA POR FILLO/MENOR 3 ANOS', 'ADXUDICACIÓN PRAZAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3', and 'RESIDENCIAS TEMPO LIBRE'. On the right side, there are sections for 'TRÁMITES' (including 'Renovación Carné Familiar Galego' and 'Mediación Familiar') and 'GUÍA DE COMUNICACIÓN' (including 'Gabinetes de Orientación Familiar', 'Puntos de Encontro Familiar', 'Registro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais', 'Rede de escolas infantís de Galicia', and 'Residencias de tempo libre'). A 'Profesionais PEF' button is at the bottom.

A Xunta e La Caixa intensifican a colaboración entre ambas institucións en materia social, educativa e cultural

- ▶ Destaca a colaboración na mellora das condicións de vida dos menores cuxas familias están en risco ou situación de exclusión, así como das persoas maiores

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017.- O titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e o presidente de "la Caixa", Isidro Fainé, reforzaron hoxe a colaboración entre ambas institucións en materia social, educativa e cultural. A través da sinatura dun convenio asinado esta mañá, por ambos os dous, a Xunta e "la Caixa" seguirán traballando xuntos para contribuír a mellorar o benestar dos colectivos máis desfavorecidos.

Cunha achega de 10 millóns de euros para 2018, o convenio destaca a colaboración coa Administración autonómica na mellora das condicións de vida dos

menores cuxas familias están en risco ou situación de exclusión, así como das persoas maiores, fomentando a súa participación social, a través de centros socio-comunitarios conveniados.

Así mesmo, desenvolverase o programa de atención integral a persoas con enfermidades avanzadas para, a través da axuda psicossocial, mellorar a calidade de atención aos enfermos e ás súas familias.

No eido do emprego, o acordo recolle tamén o obxectivo de fomentar a contratación de colectivos con dificultades especiais para atopar un traballo, como persoas con discapacidade, parados de longa duración, mozos



O presidente da Xunta e Fainé firmaron un convenio para que o Goberno galego e a entidade financeira sigan traballando xuntos na mellora do benestar dos colectivos máis desfavorecidos

en risco de exclusión, mulleres vítimas de violencia de xénero e inmigrantes, entre outros. E, co fin de axudar a persoas con dificultades para acceder a unha vivenda o convenio inclúe os programas de vivenda social, con pisos de alugueiro a prezos inferiores aos do mercado.

Ademais da inserción social e laboral e o fomento do voluntariado, a Xunta e "la Caixa" impulsarán o desenvolvemento de proxectos e actividades nos ámbitos ambiental, cultural e educativo, a través da organización de eventos como exposicións e concertos.

A Xunta informa na páxina web de Política Social sobre a convocatoria de subvencións con cargo ao 0,7% do IRPF

- ▶ A nova pestana informativa dirixida ás entidades do Terceiro Sector estará habilitada a partir do venres, 29 de setembro, coincidindo coa publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG)


Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.- A Consellería de Política Social habilita un apartado na páxina web destinado a dar conta ás entidades do Terceiro Sector sobre a concesión de subvencións con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). A entrada en funcionamento desta nova pestana informativa coincide coa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da convocatoria destas achegas e, entre outra documentación, incluírá fichas para as memorias dos programas e o proxecto de investimento.

Esta é a primeira vez que a Xunta de Galicia distribuirá subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo ao 0,7% do IRPF. A convocatoria establece un procedemento transitorio e excepcional dirixido, en canto se perfila un novo modelo de xestión, a garantir a continuidade no ano 2018 dos programas que atenden fins de interese social en Galicia con cargo á dita asignación tributaria. Deste xeito, neste ano 2017, o procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

A convocatoria está dotada cun orzamento de 11.453.784 euros e só poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades do Terceiro Sector de Acción Social que xa recibiran axuda na convocatoria do ano 2016 con cargo ao IRPF para o desenvolvemento de programas que tiveron que ver coa atención ás persoas con necesidades de atención integral sociosanitaria, necesidades educativas ou de inserción laboral e programas para o fomento da seguridade cidadá e a prevención da delincuencia. Cómpre destacar que na convocatoria estatal de 2016 resultaron adxudicatarias en Galicia dun ou varios programas, un total de 72 entidades que desenvolveron 238 programas por un importe superior aos 11 millóns de euros.

Nesta convocatoria financiaranse programas sociais dirixidos de forma prioritaria ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade, á mocidade e á infancia. Así mesmo, beneficiaranse colectivos de mulleres en risco de exclusión, persoas afectadas por problemas de drogodependencia, persoas de etnia xitana, poboación recluída e exrecluída, refuxiados e asilados, migrantes, vítimas do terrorismo e persoas afectadas polo VIH/SIDA.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada>



A Xunta reforza o seu compromiso coas persoas en risco de desafiuzamento coa ampliación do programa Reconduce



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presentou as melloras do programa Reconduce aprobadas polo Consello da Xunta en setembro

Ferrol, 23 de outubro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, presentou as melloras do programa Reconduce aprobadas polo Consello da Xunta en setembro, as cales supoñen un aumento da calidade da atención e das prestacións dirixidas ás persoas e familias en risco de desafiuzamento. Entre outras novidades, consolídase a oficina central de Santiago coa incorporación de catro novos profesionais, e ábreanse seis novas delegacións territoriais do programa na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol.

Rey Varela, acompañado do director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, visitou as dependencias da oficina do Reconduce en Ferrol, situada no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia neste municipio. O reforzamento deste servizo coa entrada en funcionamento de novos puntos de xestión garante a dispoñibilidade dun dispositivo de atención ás familias en risco de desafiuzamento en cada unha das sete grandes cidades de Galicia.

A apertura das novas sedes territoriais do programa e a consolidación da oficina central de Santiago supuxo no seu conxunto a contratación de 16 novos

profesionais: catro en Santiago e dous para cada unha das oficinas da Coruña, Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo e Ferrol. Para levar a cabo esta ampliación de persoal a Xunta destina preto de 600.000 euros anuais. O titular de Política Social enmarcou este reforzo no cumprimento dos compromisos recollidos na Axenda Social acordada pola Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia).

Ademais, outra das melloras introducidas no programa Reconduce ás que se referiu o conselleiro é que a partir de agora tamén serán obxecto de intervención as persoas e familias en risco de desafiuzamento por falta de pagamento da renda do alugamento habitual. Ata o momento o programa atendía unicamente aqueles casos de risco de desafiuzamento por execución hipotecaria.

Tras catro anos de desenvolvemento do Reconduce, este servizo atendeu a preto de 500 familias e superou os 200 expedientes de intermediación bancaria tramitados, dos cales a maioría concluíron cun acordo de reestruturación de débedas favorable para as persoas e familias en situación de vulnerabilidade.

- ▶ O Goberno galego abre seis novas oficinas territoriais do Reconduce en Ferrol, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e consolida a sede central do programa en Santiago coa incorporación a este servizo de catro novos profesionais
- ▶ Ademais, amplía o obxecto da intervención ás persoas e familias en risco de desafiuzamento por falta de pagamento da renda de aluguer da vivenda habitual.

Por último, Rey Varela reiterou o compromiso do Goberno galego co dereito de toda persoa a dispor dunha vivenda. Así, paralelamente ao Reconduce, a Xunta ten en marcha distintas iniciativas como o programa Realoxo, o bono de alugueiro social, o programa de vivendas baleiras, entre outros. Asemade, a

Administración autonómica ten asinados convenios de colaboración con entidades financeiras para que estas non desaloxen vivendas sometidas a execución hipotecaria permitindo aos afectados continuar nas mesmas en réxime de aluguer social, así como para a cesión de vivendas baleiras da súa propiedade para aluguer social.

<http://eapn-galicia.com/es/>



http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/planseprogramas?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-3&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_P37k_content=%2Fopencms%2FBenestar%2FContidos%2FPlans_e_programas%2Fdocumento_0031.html



Actualidade

A Xunta de Galicia celebra o Día do Maior lembrando a importancia da inclusión do colectivo na sociedade

- ▶ O titular autonómico declarou que “traballamos en prol de políticas que permitan aos maiores galegos vivir nun contorno que manteña a súa independencia e que lles proporcione unha atención adecuada a medida que cumpren anos”
- ▶ Rey Varela recordou que máis de 50.000 persoas están a ser atendidas baixo o sistema de atención á dependencia
- ▶ Fixo referencia tamén ao incremento de 1,2 millóns de horas no SAF e á posta en marcha do plan Como na casa entre outras medidas

A Coruña, 1 de outubro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou con motivo do Día do Maior declarado por Nacións Unidas, a residencia Torrente Ballester da Coruña que este ano celebra o seu 24 aniversario. O obxectivo da celebración desta efeméride é concienciar a poboación da importancia da inclusión das persoas maiores na sociedade, desafiando estereotipos. “Nun día como hoxe e durante todo o ano reivindicamos a presenza dos maiores en todos os ámbitos da sociedade”, declarou Rey Varela. “Por iso, traballamos en prol de

políticas e programas que permitan aos maiores galegos vivir nun contorno que mellore as súas capacidades, que manteña a súa independencia o máximo tempo posible e que lles proporcione unha atención adecuada a medida que cumpren anos”, engadiu o conselleiro.

Durante a súa visita, Rey Varela reiterou o compromiso da Xunta coas persoas maiores, en especial con aquelas que son dependentes. Ao respecto, apuntou o esforzo que está a facer o Goberno galego por mellorar o sistema de atención á dependencia e beneficiar un maior número de usuarios. De



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, visitou a residencia de maiores Torrente Ballester na Coruña

feito, a cifra de persoas dependentes atendidas nos últimos anos pasou de 15.000 en 2009 a máis de 50.000 na actualidade.

Nesta liña, o conselleiro informou de que a rede autonómica de centros de día e residencias dispón hoxe en día de preto de 15.000 prazas sostidas con fondos públicos. Así mesmo, referiuse ao reforzamento da atención profesional no contorno familiar co incremento en 1,2 millóns das horas habilitadas e á disposición

dos concellos de toda Galicia no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), o que suporá que o número de beneficiarios superará os 20.000.

Cómpre destacar que a Xunta aprobou este ano o plan Como na casa a través do cal se construírán sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender a maiores en situación de dependencia. Isto suporá que se ofrecerá atención residencial a 900 persoas e se crearán arredor de 500 empregos.

A Xunta prepara unha nova edición do programa ‘Xuntos polo Nadal’ para as persoas maiores que se atopan soas nestas datas

Santiago de Compostela, 1 de novembro de 2017.- A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, organiza un ano máis o programa ‘Xuntos polo Nadal’ que oferta 240 prazas -120 na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense), para as persoas solicitantes das provincias de Lugo e Pontevedra, e outras 120 na Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra), para as solicitudes procedentes das provincias da Coruña e Ourense-. Esta iniciativa está dirixida a aquelas persoas maiores de 60 anos que se atopan soas, xa sexa por carencia

de familiares ou amigos, a perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias, e que queiran pasar o Nadal en compañía.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 17 de novembro incluído, nos servizos sociais comunitarios dos concellos, nos departamentos de traballo social dos centros de saúde e hospitais, nas xefaturas territoriais ou centros sociocomunitarios de benestar dependentes da Consellería de Política Social. As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (537,84 euros/mes) asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas cuns

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>



ingresos superiores o dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50 euros. Os gastos de desprazamento desde o domicilio dos adxudicatarios ata o

lugar de saída que se indique nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa serán por conta da persoa participante.

A Xunta de Galicia destaca o amplo consenso alcanzado polo grupo de seguimento e análise do sistema de dependencia



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, asistiu en Madrid á última reunión da comisión para a análise da situación do sistema de atención á dependencia

Madrid, 5 de setembro de 2017.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, asistiu en Madrid á última reunión da comisión para a análise da situación do sistema de atención á dependencia. Un encontro no que se avanzou no compromiso de Estado e comunidades autónomas para a mellora dos recursos e prestacións que se proporcionan a través do dito sistema e que se plasmaba no amplo consenso acadado en torno ao informe elaborado polo grupo de traballo nas dez reunións mantidas dende a constitución da comisión, o pasado mes de febreiro.

Máis polo miúdo, José Manuel Rey Varela destacaba que se trata do primeiro documento elaborado ao respecto nos últimos dez anos e que recolle, entre outras cuestións, unha análise do estado de situación do sistema de dependencia na actualidade; unha evolución dos indicadores dende o ano 2007, así como das listaxes de agarda e dos graos de dependencia. O informe tamén inclúe unha análise e avaliación do financiamento e dos custos aparellados. E, ao fío, apuntaba que "agora se abren novas oportunidades para mellorar o financiamento do sistema de atención á dependencia e reformular a lei que a regula". Precisamente, a mellora do financiamento do

sistema é unha das demandas que máis fincapé fixo Galicia e que motivou a constitución da comisión de seguimento cuxos traballos tocaron xa ao seu fin.

A constitución da Comisión para a análise do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia acordábase na última Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada o pasado 17 de xaneiro co propósito de analizar o estado actual do sistema, melloralo e avaliar a súa adecuación ás necesidades das prestacións asociadas á dependencia. No caso de Galicia, tal e como apuntaba o titular das políticas sociais, o obxectivo era o de impulsar de maneira definitiva a atención á dependencia cun gran acordo de estado para atender o reto do coidado dos maiores e persoas con discapacidade. Neste senso, o conselleiro aludía á necesidade de estudar os diferentes servizos que se prestan e o seu custo de acordo coas características que presenta Galicia en canto á porcentaxe de persoas maiores e dispersión, así como as posibilidades de emprego asociadas a eses servizos e o estudo de modelos de éxito doutras comunidades autónomas e doutros Estados.

Galicia é unha das sete comunidades autónomas que formaron parte desta comisión específica, xunto con Cataluña,

- ▶ Galicia é unha das sete comunidades autónomas que forman parte desta comisión, cuxa posta en marcha se acordaba na última Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada en xaneiro deste ano
- ▶ O titular das políticas sociais da Administración galega destacou que se abren novas oportunidades no que atinxe á participación do Estado no financiamento do sistema de dependencia e á reforma da lei que o regula.

Andalucía, Asturias, Aragón, Canarias e Castela e León. Así mesmo, tamén estaban integrados no devandito órgano o Secretariado de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, o Secretariado Xeral e a Dirección Xeral do Instituto de Maiores e Servizos Sociais

(IMSERSO), a Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda e Función Pública, e a Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e entes locais do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais.

http://www.dependencia.imserso.es/dependencia_01/index.htm



<http://politicassocial.xunta.gal/web/porta/dependencia/que-e-a-dependencia>



A Xunta abre novas posibilidades para o desenvolvemento internacional da cooperación xuvenil entre Galicia e Rusia

- ▶ O responsable do departamento autonómico de Política Social asinou un memorando co Consello Nacional da Xuventude de Rusia para levar a cabo futuras formas de colaboración entre as organizacións xuvenís rusas e galegas
- ▶ Rey Varela salientou a importancia que ten a cooperación para “mellorar a comprensión mutua e a amizade entre a xuventude”

Sochi (Federación de Rusia), 19 de outubro de 2017.-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, participou na cidade de Sochi, situada na rexión rusa de Knasnodar, nun encontro mundial de mozos e estudantes. O evento ofrece aos asistentes a posibilidade de asistir a tres programacións distintas. A primeira de debates, na que se abordan cuestións como os novos negocios e o emprendemento na era dixital, os medios de comunicación no século XXI ou a innovación na educación; a segunda centrada na cultura, co desenvolvemento de clases maxistras en fotografía e literatura; e unha terceira programación deportiva na que organizan partidos de fútbol, baloncesto e outras disciplinas para os mozos e mozas participantes.

Neste sentido, o titular do departamento autonómico de Política Social asinou un memorando de comprensión co Consello Nacional da Xuventude de Rusia, entidade que aglutina a asociacións non gobernamentais da federación e cuxo presidente é Grigory Petushkov. “A finalidade deste acordo é traballar conxuntamente para propiciar o desenvolvemento de formas de cooperación entre as organizacións xuvenís de Rusia e as de Galicia”, sinalou Rey Varela.

De feito, o memorando fai fincapé en tres áreas de actuación: a inclusión social dos mozos e mozas, o diálogo intercultural e a diversidade cultural, e a cooperación multilateral e

multisectorial. Así, a Consellería de Política Social e o Consello Nacional da Xuventude de Rusia comprométese a impulsar toda unha serie de accións, entre outras: programas de voluntariado xuvenil entre Galicia e Rusia, a difundir información de interese para a mocidade, a fomentar a participación de líderes xuvenís en seminarios internacionais, simposios e conferencias.

Así mesmo, o acordo asinado tamén subliña a importancia de estimular o intercambio entre culturas a través da divulgación da cultura e das tradicións dos dous países; propiciar o desenvolvemento da



cooperación xuvenil internacional entre as asociacións xuvenís, estudantes e novos empresarios; promover programas de intercambio entre expertos; ampliar as relacións humanitarias, empresariais e culturais, favorecer o intercambio de publicacións e información sobre a política xuvenil; e impulsar o turismo xuvenil.

Por último, o memorando establece que para a organización e operación de proxectos conxuntos a Consellería e o Consello Nacional da Xuventude de Rusia elaborarán un plan anual de programas xuvenís que teñen lugar tanto en Galicia como en Rusia, co gallo de que sexan propostos á mocidade para participar.

<http://xuventude.xunta.es/>

A Xunta apoia a formación da mocidade en proxectos que poñan en valor o monte galego

O Vicedo (Lugo), 14 de outubro de 2017. - A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez, realizou unha visita ao curso de iniciativa local para a xuventude promovida polo Concello do Vicedo en relación cos actuais proxectos resineros.

O obxectivo desta acción é difundir e poñer en valor entre a mocidade local as novas alternativas que pode ofrecer o monte galego e así favorecer a inserción laboral dos mozos e mozas participantes, concienciar acerca do estado das masas

forestais ou fomentar o respecto ao medioambiente, entre outros.

A iniciativa responde, por unha parte, á necesidade de mellora económica dos sistemas forestais e á procura de novas alternativas de aproveitamento, e por outra, á falta de oportunidades da mocidade no ámbito rural.

O proceso coincidirá coa posta en marcha dun aproveitamento de resina, desde a localización e limitación de parcelas ata a venta de materia prima en fábrica. Deste xeito, os participantes adquirirán a formación básica para comezar o seu propio aproveitamento.

- ▶ **14 mozos e mozas están a participar nesta iniciativa que ten como obxectivo poñer en valor as novas alternativas que pode ofrecer o monte galego e así favorecer a inserción laboral**
- ▶ **A Administración autonómica investiu máis de 5700 euros para a posta en marcha desta acción formativa ao abeiro da orde de subvencións ás entidades locais de Galicia**

A Xunta de Galicia, achegou 5.763,50 euros para a posta en marcha desta iniciativa na que están a participar 14 mozos e mozas.

Cómpre destacar que a orde de subvencións ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais

dirixidas á xuventude durante o ano 2017, está dotada cun orzamento de 609.025,67 euros, o que permitiu a financiación de 104 proxectos dos cales 19 corresponden á provincia de Lugo (que contou cunha achega de preto de 100.000 euros).

A Xunta impulsa o primeiro contacto da mocidade co mundo laboral a través do programa 'Deseñando o teu futuro'

As Pontes (A Coruña), 10 de outubro de 2017. - A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez, asistiu ao acto de entrega dos diplomas acreditativos aos mozos e mozas participantes no proxecto promovido polo Concello das Pontes de García Rodríguez no marco da convocatoria do 2017 do programa 'Deseñando o teu futuro'.

O proxecto, cun orzamento de 1.520 euros permitiu, que 8 persoas con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos se achegaran á realidade laboral de diversas empresas da comarca: Xaraleira, S.L., Asesoría de Seguros San Roque e Servicios Sociais Virxe do Carme. As estadias - visitas con cinco horas diarias tiveron unha duración de quince días. Para os efectos de desenvolvemento desta iniciativa, o Concello das Pontes asinou convenios de colaboración coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios (Cohempo) e coa Asociación de Empresarios Seara.

Cecilia Vázquez sinalou que o

obxectivo deste programa "é ofrecer á mocidade unha experiencia de educación non formal, así como poñer á súa disposición unha ferramenta que lle facilite e clarifique a toma de decisión do seu futuro perfil profesional". Ao respecto, engadiu que a finalidade é que "coñezan a realidade da empresa previamente a decidir a súa traxectoria formativa profesional".

Así mesmo, a responsable do departamento autonómico de Xuventude salientou como valores positivos desta iniciativa o feito de que "empodera os mozos e mozas, reforza a súa motivación para avanzar no seu itinerario persoal, así como no desenvolvemento das súas habilidades e capacidades".

O programa 'Deseñando o teu futuro' é unha iniciativa de educación non formal a través da cal mozos e mozas de entre 14 e 18 anos poden realizar pequenas estadias titorizadas en centros de traballo. Un proxecto de aproximación da mocidade galega ao ámbito sociolaboral coa finalidade de que se acheguen á realidade das empresas mediante

- ▶ **No marco deste programa no 2017 fináncianse 25 proxectos presentados por concellos e entidades sen ánimo de lucro, que facilitarán que un total de 358 mozos e mozas realicen estadias - visitas en empresas**

o desenvolvemento de estadias - visitas en distintos sectores das empresas.

Cecilia Vázquez sinalou que no marco deste programa no 2017 se financian 25 proxectos presentados por concellos e entidades sen ánimo de lucro, que facilitarán que un total de 358 mozos e mozas realicen estadias - visitas en empresas, cunha duración entre 5 e 15 días e cunha xornada mínima de catro horas. O número máximo de mozos participantes por proxecto non pode exceder os 15.

A cantidade subvencionable a cada entidade e concello ou agrupación de concellos calcúlase a razón de 6 euros por participante día, para cubrir os gastos de manutención e desprazamento do mozo ou da moza; e 100 euros por participante para cubrir os custos derivados da organización das estadias-visitas.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado rematou a súa intervención manifestando o seu agradecemento ao concello e ás empresas que permitiron que este proxecto se realizara e felicitando especialmente aos mozos e mozas participantes, "os verdadeiros protagonistas desta iniciativa, agardando que esta experiencia vos axude a seguir medrando na vosa traxectoria persoal e profesional", concluíu

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/11452-deseñando-o-teu-futuro>



Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	Abril	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
Febreiro	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata
11 de febreiro	7 de abril	15 de xuño	Agosto
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	12 de agosto
20 de febreiro	28 de abril	19 de xuño	- Día Internacional da Xuventude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	19 de agosto
Marzo	29 de abril	20 de xuño	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	- Día Mundial dos Refuxiados	23 de agosto
- Día da Cero Discriminación (ONUSIDA)	Maiο	23 de xuño	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición
8 de marzo	15 de maio	- Día Internacional das Viúvas	30 de agosto
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas
20 de marzo	21 de maio	- Día da Xente do Mar	Setembro
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	26 de xuño	5 de setembro
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	- Día Internacional da Beneficencia
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	8 de setembro
- Día Mundial da Síndrome de Down	Xuño	Xullo	- Día Internacional da Alfabetización
24 de marzo	1º de xuño	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	10 de setembro
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	15 de setembro
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agressión	- Día Mundial da Poboación	- Día Internacional da Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

Outubro

1º de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

Decembro

1º de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolición da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<http://www.un.org/es/events/toleranceday/>



Día Internacional para a Tolerancia

16 de novembro

<http://www.un.org/es/events/childrenday/>



Día Universal do Neno

20 de novembro

<http://www.un.org/es/events/endviolenceday/>



Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

25 de novembro

<http://www.un.org/es/events/disabilitiesday/>



Día Internacional das Persoas con Discapacidade

3 de decembro

<http://www.un.org/es/events/volunteerday/>



Día Internacional dos Voluntarios

5 de decembro

<http://www.un.org/es/events/humanrightsday/>



Día dos Dereitos Humanos

10 de decembro

<http://www.un.org/es/events/humansolidarityday/>



Día Internacional da Solidariedade Humana

20 de decembro

Estadísticas

Indicadores de calidade de vida

Promovido por numerosas iniciativas tanto do ámbito científico e académico, como por organizacións internacionais e europeas (Nacións Unidas, OCDE, Comisión Europea, Oficina Estatística Europea) a medición do progreso das sociedades e o benestar dos individuos implica ampliar o marco de indicadores de desenvolvemento económico utilizados tradicionalmente como medidas de crecemento e benestar (PIB, outros indicadores agregados de Contabilidade Nacional).

Nesta publicación abórdase a medición multidimensional da calidade de vida incluíndo un conxunto de indicadores agrupados en 9 dimensións e desagregados segundo características individuais (sexo, idade, tipo de fogar, nivel de renda, nivel de educación, nacionalidade, grao de urbanización) e ámbito xeográfico (CCAA, UE).

Indicadores por dimensións (Publicado: 24 outubro 2017): 1. Condicións materiais de vida, 2. Traballo, 3. Saúde, 4. Educación, 5. Lecer e relacións sociais, 6. Seguridade física e persoal, 7. Gobernanza e dereitos básicos, 8. Contorna e medioambiente e 9. Experiencia xeral da vida

Condicións materiais de vida. Condicións económicas. Renda media

Proporcionase información da renda dispoñible final equivalente neta anual do fogar en base á Enquisa de Condicións de Vida. A renda dispoñible final neta é a renda total percibida polo fogar durante o período de referencia especificado, unha vez deducidos o imposto sobre a renda, os impostos sobre o patrimonio e as cotizacións á seguridade social e incluíndo as transferencias recibidas.

Recóllense os ingresos netos percibidos polos membros do fogar no ano anterior ao ano en que se realiza a entrevista da Enquisa de Condicións de Vida elaborada polo INE. A renda que se reflicte na enquisa no ano 2016 corresponde aos ingresos recibidos no período de referencia xaneiro-dembro de 2015.


Renda media equivalente. Base 2013 (euros corrientes)	
Andalucía	12.560
Aragón	17.116
Asturias	17.241
Illes Balears	17.894
Canarias	12.993
Cantabria	15.484
Castela e León	15.645
Castela-A Mancha	13.106
Cataluña	18.828
Valencia	13.589
Estremadura	12.775
Galicia	15.428
Madrid	18.709
Murcia	12.635
Navarra	19.697
País Vasco	21.058
A Rioxa	16.933
Ceuta	14.858
Melilla	17.349
Total	15.842

País Vasco
Navarra
Cataluña
Madrid
Illes Balears
Melilla
Asturias
Aragón
A Rioxa
Castela e León
Cantabria
Galicia
Ceuta
Valencia
Castela-A Mancha
Canarias
Estremadura
Murcia
Andalucía
Renda media nacional: 15.842

Renda media equivalente, evolución UE, España e Galicia.

	UE-27	España	Galicia
2008	16.971	16.190	14.374
2009	17.046	17.042	15.113
2010	17.197	16.922	15.764
2011	17.380	16.280	15.450
2012	17.830	16.119	15.333
2013	17.816	15.635	15.037
2014	18.223	15.405	15.273
2015	18.627	15.408	15.133
2016	18.896	15.842	15.428

Fuente: Enquisa de Condicións de Vida. INE e Enquisa Europea de Ingresos e Condicións de Vida (EU-SILC). Eurostat



Máis información en ine.es:

http://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPublicacion_C&cid=1259937499084&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayou¶m1=PYSDetalleGratis¶m4=OcuItar#top

Enquisa conxuntural a fogares. IGE

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia

No terceiro trimestre de 2017 o 48,33% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 42,13% con dificultade e o 9,54% restante con moita dificultade.


Con respecto ao trimestre anterior, prodúcese unha diminución de 6,19 puntos na porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, e un incremento de 6,77 puntos na dos que chegan con dificultade. A porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade diminuíu 0,57 puntos no terceiro trimestre de 2017 respecto ao segundo.

Con respecto ao terceiro trimestre do ano 2016, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes medrou 4,9 puntos. Pola súa banda, as porcentaxes de fogares que chegan con dificultade e con moita dificultade a fin de mes caeron 2,22 e 2,67 puntos respectivamente no terceiro trimestre de 2017 respecto ao mesmo período do ano anterior.

Evolución dos fogares (porcentaxe) segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia

	Con facilidade ou moita facilidade	Con dificultade	Con moita dificultade
2013/II	42,31	44,64	13,05
2013/III	44,44	46,38	9,17
2013/IV	40,35	44,62	15,03
2014/I	39,75	47,08	13,17
2014/II	40,6	52,11	7,29
2014/III	41,82	46,24	11,94
2014/IV	41,1	50,31	8,59

2015/I	41,64	45,17	13,2
2015/II	38,9	53,62	7,48
2015/III	41	49,81	9,19
2015/IV	42,91	48,25	8,84
2016/I	45,7	47,34	6,96
2016/II	44,37	46,11	9,52
2016/III	43,43	44,35	12,21
2016/IV	46,94	43,19	9,87
2017/I	48,12	41,77	10,11
2017/II	54,52	35,36	10,11
2017/III	48,33	42,13	9,54



http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205015



O salario das persoas con discapacidade



O Salario das persoas con discapacidade é unha operación que ten como obxectivo coñecer a distribución dos salarios dos traballadores por conta allea con discapacidade oficialmente recoñecida e faino en termos comparativos cos asalariados sen discapacidade.

Ganancia anual: para os traballadores asalariados segundo teñan ou non discapacidade.

	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Homes	25.992,8	26.162,5	20.835,4
Mulleres	20.051,6	20.107,1	17.778,1
Total	23.106,3	23.208,0	19.569,6

Fonte: O Salario das persoas con discapacidade. Serie 2010-2015. do INE

Ganancia anual: para os traballadores asalariados segundo teñan ou non discapacidade e idade.

	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
De 16 a 29 anos	14.775,9	14.821,7	11.061,6
De 30 a 44 anos	22.313,5	22.403,5	17.489,8
De 45 e máis anos	25.791,4	25.994,6	21.071,0
Total	23.106,3	23.208,0	19.569,6

Fonte: O Salario das persoas con discapacidade. Serie 2010-2015. do INE

Segundo o sector de actividade.

	Total	Persoas sen discapacidade	Persoas con discapacidade
Industria e construción	25.966,0	26.072,9	21.149,5
Servizos	22.367,4	22.461,8	19.269,7
Todos os sectores de actividade	23.106,3	23.208,0	19.569,6

Fonte: O Salario das persoas con discapacidade. Serie 2010-2015. do INE

Alertas

Alertas bibliográficas

• **AFIN**

<http://ddd.uab.cat/record/78757?ln=ca>

Periodicidade mensual. Edita: Universitat Autònoma de Barcelona

ISSN: 2013-2956. Data de inicio: N.º. 1 (2009-)

A través desta publicación mensual gratuíta, AFIN difunde os seus resultados de investigación e traballo e o dos grupos e persoas, nacionais e internacionais, cos quen se relaciona.

- Último n.º publicado: n.º. 97, setembro de 2017:

http://ddd.uab.cat/pub/afin/afinSPA/afin_a2017m9n97iSPA.pdf

Relato sobre mi adopción / Miriam Aquim

• **Anales de Derecho y Discapacidad**

<http://www.fderechoydiscapacidad.es/anales/>

ISSN: 2530-4011. Periodicidade anual

Edita: Cermi. Data de inicio: Vol. I (2016)-

É a única publicación monográfica de carácter científico no ámbito da lingua española dedicada ás conexións e interaccións entre Dereito e Discapacidade.

Esta revista de carácter anual recolle estudos, artigos, recensións, comentarios e materiais de interese e actualidade sobre distintos aspectos da discapacidade desde unha perspectiva xurídica, co propósito de ofrecer análises legais e posicións doctrinales que contribúan á promoción e defensa dos dereitos das persoas con discapacidade.

Último n.º publicado: vol. II (2017): Contén os seguintes artigos:

- La fiscalidad en la agenda política y en la acción representativa del movimiento social de la discapacidad en España / Luis Cayo Pérez Bueno, págs. 11-23
- La falta de equiparación entre la discapacidad y dependencia en el ámbito tributario: una propuesta de reforma / Isidoro Martín Dégano, págs. 25-37
- Valoración del sistema educativo español como garante del derecho a la educación inclusiva: propuestas pedagógicas inclusivas / Marta Medina García, págs. 39-62
- El derecho a la autonomía personal como garantía de los derechos humanos de las personas con discapacidad y en situación de dependencia / Susana Montañez Heredia, págs. 63-86
- Las personas con discapacidad como personal docente investigador en la universidad: cuota de reserva y otras medidas de acción positiva / Rafael de Lorenzo García, págs. 87-106
- La responsabilidad social universitaria y la discapacidad: una contribución a lo que la universidad tiene que ser "además" / Esperanza Alcaín Martínez, págs. 107-123

- Deporte e inclusión: réximen jurídico del uso de perros guía y otros perros de asistencia para acceder a instalaciones deportivas en Andalucía / Francisco Miguel Bombillar Sáenz, págs. 125-146

- Sentencia 18/2017, de 2 de febrero de 2017: conflicto positivo de competencia 2113-2015 planteado por el Gobierno Vasco en relación con el Real Decreto 1056/2014, que regula las condiciones básicas de emisión y uso de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad / Vicente Mora González, Miguel A. Cabra de Luna, págs. 147-150

- El plazo de setenta y dos horas del artículo 763.1 LEC [Ley de Enjuiciamiento Civil] según recientes sentencias del Tribunal Constitucional / Emilio Cerezuela del Castillo

• **Mi biblioteca: La revista del mundo bibliotecario**

<http://alonsoquijano.net/mi-biblioteca/>

Periodicidade trimestral ISSN: ISSN: 1699-3411

Edita: Fundación Alonso Quijano para el fomento de la lectura (<http://www.alonsoquijano.org>)

Data de inicio: 2005

MI BIBLIOTECA é unha revista en formato papel, de periodicidade trimestral, que propón un achegamento divulgativo e rigoroso ás múltiples vertentes do sector bibliotecario. Ademais de ofrecer experiencias e materiais de formación, pretende dar voz a calquera persoa implicada na realidade bibliotecaria e no fomento da lectura.

Último n.º publicado: Ano: 2017, Número: 50. Destaca o artigo seguinte:

- Bibliotecas infantiles inclusivas: oportunidades de futuro / Susana Peix Cruz

• **Revista Internacional de Sociología**

<http://revintsociologia.revistas.csic.es/index.php/revintsociologia>

ISSN: 0034-9712. Periodicidade: Cuadrimestral

A Revista Internacional de Socioloxía (RIS) desexa integrar no debate intelectual do noso tempo as disciplinas que principalmente representa a socioloxía, pero tamén a ciencia política, a política social, a economía, a antropoloxía e a filosofía social e moral, prestando unha atención especial ao debate que se desenvolve en España e Latinoamérica.

Xunto á publicación de traballos científicos de carácter empírico, epistemolóxico ou teórico, que é o seu principal obxectivo, a RIS desexa tamén entrar, como órgano de reflexión e debate, nas consideracións filosófico-morais de cuestións importantes que afectan á cidadanía. RIS acepta e publica orixinais en español ou inglés.

Último número publicado: 2017. Vol. 75, 3

• Arrels Fundació

<http://www.arrelsfundacio.org/es/quienes-somos/objetivo/>

Os membros de Arrels son persoas que queren que ninguén durma na rúa. Desde 1987 acompañan a máis de 9.000 persoas sen fogar no seu camiño cara a autonomía, ofrecendo aloxamento, alimentación e atención social e sanitaria. Contan co apoio de 47 persoas contratadas, unhas 400 persoas voluntarias e 4.000 doantes que fan posible levar a cabo os programas de actuación

Ten como principais obxectivos os seguintes:

- Atender as persoas sen fogar que se atopan nas fases máis consolidadas de exclusión para que volvan ser o máis autónomas posible.
- Sensibilizar a cidadanía sobre a realidade das persoas sen fogar.
- Denunciar situacións inxustas e achegar propostas que axuden a transformar a realidade de exclusión social.

Desde o menú de Documentación pódese acceder a todos os recursos publicables que elaboran: a revista Arrelá't, dossiers de prensa e memoria de actividades.

• Cermi. Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad

<http://www.cermi.es/es/cermi>

O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, máis coñecido polas súas siglas, CERMI, é a plataforma de representación, defensa e acción da cidadanía española con discapacidade, máis de 3,8 millóns de homes e mulleres, máis as súas familias, que conscientes da súa situación de grupo social desfavorecido, deciden unirse, a través das organizacións nas que se agrupan, para avanzar no recoñecemento dos seus dereitos e alcanzar a plena cidadanía en igualdade de dereitos e oportunidades co resto de compoñentes da sociedade.

O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, máis coñecido polas súas siglas, CERMI é a plataforma de encontro e acción política das persoas con discapacidade constituído polas principais organizacións estatais de persoas con discapacidade, varias entidades adheridas de acción sectorial e 19, tantas como territorios posibles, plataformas autonómicas, todas as cales agrupan á súa vez máis de 8.000 asociacións e entidades, que representan no seu conxunto os 3.8 millóns de persoas con discapacidade que hai en España, un 10% da poboación total. A través desta organización pretenden avanzar no recoñecemento dos seus dereitos e alcanzar a plena cidadanía en igualdade de dereitos e oportunidades co resto de compoñentes da sociedade.

• Confederación Española de Alzheimer (CEAFA)

<https://www.ceafa.es/es/quienes-somos/la-confederacion>

Organización non governamental de ámbito nacional, cuxa meta reside en traballar para poñer o alzhéimer na axenda política, buscando o necesario compromiso social e poñendo en valor o coñecemento para poder representar e defender os intereses, necesidades e dereitos de todas as persoas que conviven co alzhéimer.

CEAFA está composta por 1 confederación autonómica, 12 federacións autonómicas e 6 asociacións uiprovinciais que aglutinan a máis de 300 Asociacións locais con máis de 83.130 socios directos. Esta rede asociativa conta con 5.419 voluntarios e con 3.863 traballadores que atenden as persoas afectadas pola enfermidade de alzhéimer e os seus familiares cuidadores.

Ata o 2013 publicou a revista En Mente

• Fundación Derecho y Discapacidad

<http://www.fderechoydiscapacidad.es/Fundacion/>

A Fundación Derecho y Discapacidad, promovida por un conxunto de axentes e operadores do Dereito comprometidos coa causa das persoas con discapacidade, pretende contribuír á inclusión, aos dereitos e ao benestar desta parte da poboación, xerando unha condicións de vida e de cidadanía que favoreza o libre desenvolvemento da personalidade. Nada no ano 2010, esta entidade da iniciativa social non lucrativa pónse ao servizo da comunidade xurídica e do activismo cívico da discapacidade.

A través de iniciativas e accións de toma de conciencia, investigación, docencia, formulación de propostas e soporte xurídico sempre en apoio do movemento social da discapacidade, a Fundación Dereito e Discapacidade aspira a ser un instrumento útil que achegue os dereitos humanos ás persoas con discapacidade

• Observatorio Estatal de las Familias

<https://www.msssi.gob.es/ssi/familiasInfancia/coef/coef.htm>

Órgano integrado no seo do Consello Estatal de Familias que opera como a súa Comisión Permanente, segundo o establecido no Real Decreto 613/2007, do 11 de maio que crea e regula o Consello Estatal de Familias e o Observatorio Estatal de Familias.

Conta con representantes do Ministerio de Sanidade Políticas Sociais e Igualdade, Ministerio de Emprego e Seguridade Social, así como cos representantes dos departamentos ministeriais de Xustiza, Economía, Facenda e Educación.

Doutra banda, tamén forman parte do observatorio oito conselleiros que representan o movemento asociativo familiar de ámbito estatal, dous son os que representan ás entidades xeneralistas do ámbito familiar, é dicir, Foro Español da Familia e Unión de Asociacións Familiares (UNAF); os outros seis membros foron elixidos por e entre os conselleiros que

Institucións

representan ao resto de asociacións do Consello, quedando designados os representantes das entidades seguintes:

CEAPA (Confederación Española de Pais e Nais de Alumnos), FEMUR (Federación da Muller Rural), FEDEPE (Federación Nacional de Puntos de Encontro para o Dereito de Visita), FELGTB (Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuais e Bisexuais), POI (Plataforma de Organizacións de Infancia), FAMSD (Federación Nacional de Asociacións de Mulleres Separadas e Divorciadas).

Principais funcións:

Coñecer a situación das familias e a súa calidade de vida, realizar o seguimento das políticas sociais que lles afecten, facer recomendacións en relación coas políticas públicas, Efectuar estudos e publicacións que contribúan ao mellor coñecemento das necesidades da familia e as propias derivadas da súa xestión e das asignadas polo Consello.

• Red Tiempo de los Derechos

<https://redtiempodelosderechos.com/descripcion-2/quienes-somos/>

A Red Tiempo de los Derechos ten a súa orixe en 2008 cando 12 grupos de investigación se agrupan e obteñen unha axuda do Programa Conso-lider-Enxeño 2010: "O tempo dos dereitos" (HURI-AGE). Este programa xurdiu para promover accións estratéxicas que fosen capaces de marcar un punto de inflexión e propiciar un salto de calidade na investigación xurídica en Dereitos Humanos.

Na actualidade a Rede está composta por 15 grupos e centros desenvolvendo estudos sobre dereitos humanos, proxectos de investigación, encontros científicos de alto nivel, estruturas de formación, informes, etc.; unha intensa actividade investigadora que permitiu situar a HURI-AGE como a principal referencia académica española no campo dos dereitos humanos

Edita documentos de carácter divulgativo dirixidos a ámbitos non científicos onde se expoñen ideas xerais que deben terse en conta no tratamento das diversas cuestións vencelladas aos dereitos humanos e medidas concretas sobre configuración de políticas públicas, deseño de institucións e actuacións de operadores vencellados aos dereitos humanos. Poden descargarse neste enlace:

<https://redtiempodelosderechos.com/recursos-2/guias-formativas/>

• SIIS. Fundación Eguía-Careaga. Centro de Documentación y Estudios

<http://www.siiis.net/es/>

O SIIS, Centro de Documentación e Estudos, xorde en 1972 no seo da Fundación Eguía Careaga, como resposta a un importante déficit na difusión de información científico-técnica existente no ámbito do social. Constitúese como unha ferramenta para a mellora das políticas de integración social, da organización dos servizos sociais e da práctica dos profesionais da acción social.

A través do seu menú de Publicacións accédese aos seus boletíns temáticos (Xeral, Discapacidade, Adición, Maiores, Inclusión, Infancia e Xuventude, Xénero e Familia, Acción social e Terceiro sector). Cunha periodicidade quincenal, infórmanos sobre novas publicadas na prensa, axenda, normativa e novidades bibliográficas das que, ás veces, se permite a súa descarga a texto completo.

Durante os meses de xullo e agosto publicáronse os boletíns seguintes: SIIS

- Boletín de acción social: nºs : 283, 284, 285, 286
- Boletín de exclusión social: nºs.: 283, 284, 285, 286
- Boletín de género y familia: nºs : 283, 284, 285, 286
- Boletín de infancia y juventud nºs : 283, 284, 285, 286
- Boletín de personas con discapacidad: nºs : 283, 284, 285, 286
- Boletín de personas mayores: nºs : 283, 284, 285, 286
- Boletín Tercer sector: 145, 146, 147

Alertas e publicacións

POLÍTICA SOCIAL

Redes sociais: Blogs

• Alzhéimer. Blog de la Confederación Española de Asociaciones de Familiares de Personas con Alzheimer y otras demencias

<http://www.ceafa.es/alzheimer-blog/>

O blogue de CEFAA comparte a visión e misión que a confederación ten no mundo do alzhéimer e rende homenaxe ás familias e aos seus cuidadores (eses grandes descoñecidos).

Desde 1990 traballa por mellorar a calidade de vida das persoas que sofren as consecuencias do alzhéimer e outras demencias, - enfermos e cuidadores familiares- e adaptación aos cambios tecnolóxicos sufridos nos últimos tempos.

A través do blogue pódense coñecer todas as novidades, opinións e novas sobre o alzhéimer e o mundo da demencia en xeral. Porque queremos converternos nun referente neste campo e iso só poderémolo facer entre todos.

Ofrece coñecemento, tomando como referente a grandes profesionais que se dedican a temas tan interesantes como: a investigación, a farmacoloxía, as TNF, a dependencia, o cuidado, o mundo asociativo...

E sobre todo mantén ao corrente dos obxectivos da Confederación, un obxectivo que se converteu nun reto: conseguir a Política de Estado de alzhéimer que este país necesita.

• Blog siis.net

http://blog.siiis.net/?utm_source=Boletines+de+actualidad+SIIIS&utm_campaign=f4e0fec0e5-boletin_siis&utm_medium=email&utm_term=0_17e0500026-f4e0fec0e5-315103205

Entradas do mes de setembro:

- Acción comunitaria ante la nueva realidad social. As comunidades buscan reforzar o sistema de protección social.
- Mentoría, tutela o acompañamento. A flexibilidade, proximidade e confianza caracterizan este tipo de programas.
- Adicción al juego online. Os avances tecnolóxicos supuxeron un cambio no tratamento deste tipo de adicción sen substancia
- Mercado laboral de las personas con discapacidad. Os datos do SEPE destacan o aumento da contratación neste colectivo

Entradas do mes de outubro:

- ¿Qué funciona en la atención a personas excluidas con enfermedad mental grave? Unha recente revisión do SIIIS permite identificar as tendencias de intervención que demostraron ser efectivas neste ámbito
- Infancia y adolescencia en Euskadi. UNICEF analiza a situación da poboación menor vasca e presenta recomendacións para mellorar as políticas públicas dirixidas á infancia.
- Buenas prácticas en mentoría. Tres exemplos que ilustran esta tendencia no panorama dos servizos sociais europeos
- Cómo identificar la exclusión educativa. Este informe de UNICEF reúne os mecanismos, perfís e compoñentes da exclusión en educación

Blog Alertas e publicacións de Política Social

Invitamos a vostede a visitar o blog de alertas e publicacións da Consellería de Política Social neste enlace:

<http://blogs.xunta.gal/publicacions-ps/es/>

Entradas do mes de setembro:

- Informe del mercado de trabajo de las personas con discapacidad. Estatal. Datos 2016
- BdB. Boletín de Bienestar : Boletín Informativo de Política Social. Nº 9 (xullo-agosto, 2017)
- Políticas públicas para combatir la pobreza en España
- Normativa de Política Social. Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Agosto 2017
- Normativa de Política Social. Boletín Oficial do Estado (BOE). Agosto 2017
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Agosto 2017
- Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral de España 2016
- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Agosto, 2017
- Las cuatro piedras angulares. Blog de Carolina Lacruz

Entradas do mes de outubro:

- Seminario La Inclusión Social en el Medio Rural en España y en Europa
- Informe 2017 del Observatorio de Dependencia
- Servicios de Promoción de la Autonomía Personal – SEPAP. Estrategia de voluntariado de la Comunidad de Madrid 2017-2021
- Normativa de Política Social. Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Setembro 2017
- Normativa de Política Social. Comunidades autónomas. Setembro, 2017
- Normativa de Política Social. Boletín Oficial do Estado (BOE). Setembro de 2017
- Normativa de Política Social. Diario Oficial de Galicia (DOG). Setembro 2017

Alertas

Congresos, xornadas e cursos

- **III Jornadas sobre exclusión residencial en Euskadi**

<http://mintegia.sis.net/>

Lugar: Vitoria

Data: 2.11.2017

Organiza: Concello de Bilbo, Concello de Donostia-San Sebastián e Goberno Vasco

O obxectivo desta terceira edición das xornadas é tripla:

Dar a coñecer os resultados do terceiro recuento de persoas en situación de exclusión residencial, realizado o pasado 26 de outubro en 24 municipios vascos, coa colaboración de máis de 1.000 persoas voluntarias.

Analizar de forma específica a realidade das mulleres en situación de exclusión residencial grave e a resposta que desde os diferentes dispositivos de atención dáse a esta realidade.

Presentar a Estratexia Vasca de Prevención e Redución das Situacións de Exclusión Residencial Grave, así como outras estratexias similares realizadas noutras CCAA da nosa contorna.

- **VI Congreso internacional de menores infractores y violencia**

<https://praxisvegabaja.wixsite.com/ivcongreso/informacion>

Lugar: Orihuela, Alicante

Data: do 9 ao 10 de novembro de 2017

Organiza: Praxis Vegabaja Intervención Social

Neste congreso danse citas profesionais de índole internacional de diversos ámbitos no que tratarán asuntos de grande interese como a xustiza restaurativa, a pedagogía comunitaria, a reeducación desde un enfoque positivo, a mediación, a axilización procesal, etc.

- **II Congreso Nacional sobre Emprendimiento Social, Empleo y Discapacidad**

<http://www.uji.es/perfiles/empresa/creacio/base/ujjiempren/base/convocatorias/congreesed/datatreballs/>

Lugar: Castellón

Data: Do 14 ao 15 de novembro de 2017

Organiza: Universitat Jaume I

UJI EMPREN é a iniciativa do Vicerreitorado de Estudantes, Emprego e Innovación Educativa que se constitúe como a plataforma responsable de fomentar e apoiar as iniciativas emprendedoras da comunidade universitaria UJI.

- **I Congreso Nacional de Derecho de la Discapacidad: hacia un derecho inclusivo**

<http://congreso.fderechoydiscapacidad.es/>

Lugar: Elche, Alicante

Data: Do 15 ao 17 de novembro de 2017

Organiza: CERMI, Fundación Derecho y Discapacidad e Real Patronato sobre Discapacidad

O obxectivo último do dereito da discapacidade non é outro que eliminar todas as barreiras que se opoñen á plena participación social das persoas con discapacidade e que impiden ou dificultan o exercicio efectivo dos seus dereitos.

Barreiras que afectan a múltiples ámbitos, e que requiren, por tanto, unha acción transversal, que involucra a todas as ramas tradicionais do Dereito.

A meta, pola contra, é avanzar de forma efectiva na plena igualdade das persoas con discapacidade, e na corrección das abundantes situacións de discriminación que aínda hoxe persisten.

Na consecución dese propósito, as normas xurídicas, e a aplicación que destas se realice, teñen un papel crucial.

Estas son as razóns polas que o CERMI e a Fundación Dereito e Discapacidade decidiron convocar este congreso.

- **X Congreso internacional AFIN "Políticas reproductivas, derechos y deseos"**

<http://grupsderecerca.uab.cat/afin/>

Lugar: Barcelona

Data: do 2 ao 4 de novembro de 2017

Organiza: Grupo de Investigación AFIN

Congresos, xornadas e cursos

AFIN é un grupo interdisciplinar interuniversitario e internacional centrado, entre outras materias, na investigación en ciencias sociais. Está integrado por profesionais de distintos ámbitos relacionados con esta área. Entre as súas principais liñas de investigación destacan a diversidade e a desigualdade, infancia, adolescencia e xuventude, familia, xénero, saúde e dereitos sexuais e reprodutivos, etc.

O problema demográfico en España vén arrastrándose, xa, dúas décadas. (entre 1975 e 1995) De tal xeito que na actualidade se sitúa á cabeza de Europa, pasando de 2,8 fillos por muller a 1,14, continuando este descenso ata a actualidade.

• IV Congreso Internacional El tiempo de los derechos

<https://4congresohuriage.wordpress.com/>

Lugar: Getafe (Madrid)

Data: Do 6 ao 7 de novembro de 2017

Organiza: Universidad Carlos III no marco da Red Temática Tiempo de los Derechos

Nesta cuarta edición abordaranse os seguintes temas: 'Violencia de xénero', 'Dereito á saúde', 'Retos para a protección de datos de carácter persoal: o novo marco europeo' e 'Retos dos dereitos das persoas con discapacidade'.

A Rede Temática El tiempo de los derechos ten como obxectivo desenvolver un programa capaz de ampliar a fronteira do coñecemento sobre os dereitos humanos e promover a súa implementación e efectividade.

• Noves respostas per a persones en risc d'exclusió residencial. L'experiència 'El Kaliu' de Lloret de Mar

http://dixit.gencat.cat/ca/detalls/Noticies/dixit_girona_programa_conferencia_fomes_intervencio_risc_exclusio_residencial

Lugar: Girona

Data: 15 de novembro de 2017

Organiza: Dixit Girona Centre de Documentació de Serveis Socials Marià Casadevall

Xornada na que se presentará un proxecto que dá resposta ás persoas sen fogar coa metodoloxía do housing first. Esta iniciativa fundamentada na personalización, acompañamento e unha baixa intensidade de esixencia,

achega a confianza mutua necesaria para traballar coas persoas atendidas

• La intervención asistida amb cavalls

http://dixit.gencat.cat/ca/detalls/Noticies/dixit_lleida_proposa_conferencia_intervencio_assistida_cavalls

Lugar: Lleida

Data: 17 de novembro de 2017

Organiza: Dixit Lleida Centre de Documentació de Serveis Socials

Obxectivo: dar a coñecer a terapia equina nun contexto inclusivo e preventivo de atención integral á persoa. O obxectivo xeral deste tipo de terapia é a mellora do desenvolvemento integral da persoa, atendendo aos ámbitos cognitivo, emocional, social e motriz. O cabalo reúne unha serie de características a nivel simbólico, biomecánico e etolóxico que permite construír contextos óptimos de desenvolvemento persoal á súa contorna e potenciar as competencias de cada individuo.

• Curso de Postgrado 'Salud mental e intervenciones psicológicas con inmigrantes, minorías y excluidos sociales'

http://www.ikuspegi.eus/documentos/convocatorias/jornadas_2017/programa_jdas_2017.pdf

Lugar: Elche, Alicante

Data: Do 30 de novembro de 2017 ao 30 de novembro de 2018 (modalidade en liña e semipresencial)

Organiza: Universidade de Barcelona en colaboración coa Universidade de Berkeley e Universidade do París Vasco

Os temas principais abordados ao longo do curso versan sobre populismo, xenofobia, liberdade de expresión, inmigración, etc.

• Conferencia sobre Igualdad, Diversidad e Inclusión

Lugar de realización: Bilbao

Data: do 11 ao 13 de xuño de 2018

Organiza: CMRE (Consejo de Municipios y Regiones de Europa) e Eudel (Asociación de Municipios Vascos)

Catálogo de publicacións na web

ACTUALIDADE

- Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. (DOG nº 232, do 04.12.2014).
- A Xunta inicia o deseño do plan de apoio á natalidade coa Tarxeta Benvida, que alcanzará 100 euros ao mes para os nenos e nenas que nazan a partir de 2016.
- A Xunta incrementará nun 9% as prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos o vindeiro curso escolar 2016-2017
- Fundacións de interese galego.
- Cadro de contías mínimas de pensións do Sistema da Seguridade Social para o ano 2016.
- Salario mínimo interprofesional para o ano 2016.

ESTADÍSTICAS

- Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2015.
- Enquisa de poboación activa 4º trimestre de 2015.

ALERTAS

- Alerta bibliográfica.
- Enderezos de interese.
- Novidades editoriais da Consellería.

XUNTA DE GALICIA

